

REUNIÓN XERENCIA - COMITÉS EMPRESA SOBRE AMPLIACIÓN DE LISTAS DE AGARDA_ACTA Nº17

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, presidente)

Alejandra Álvarez Silva (CCOO)

José Estévez Vázquez (CCOO)

M. Carmen Rodríguez Prieto (CCOO)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Carlos Román Lago (CIG)-Escusa ausencia

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Antonio M. Rodríguez González (UGT)- Escusa ausencia

Eduardo Calzado Díaz (CIG)

Luciano Otero Camiña (CIG)

Roberto Otero Ledo (CIG)

Rita Velasco Graña (CCOO)

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alberte Pivida (CIG) Escusa ausencia

Carmen García Meijide (CIG) Escusa ausencia

César Gómez Gómez (CIG) Escusa ausencia

Os representantes dos Comités de Empresa do PAS Laboral mantiveron unha reunión coa Xerencia, o día 30 de setembro de 2021 ás 12.00h semipresencial na Sala I do Edificio Miralles e na Sala 20 do Campus Remoto coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Convocatorias dos procesos selectivos de:

- a. TM TIC.
- b. TM actividades aeroespaciais.
- c. TE de física.
- d. TE de transporte e distribución.

2. Rolda de intervencións.

1. Convocatorias dos procesos selectivos de TM TIC, TM de Actividades Aeroespaciais, TE de Física e TE de Transportes.

A Xerenta comeza dicindo que a acta nº16 da anterior reunión do 13 de maio, como xa foi previamente enviada e xa está asinada e publicada na páxina web. Agradece as alegacións achegadas do Comité de empresa de Pontevedra.

O presidente do CEO plantexa unha cuestión previa na que entenden que se debería retrasar a saída das convocatorias á publicación da lei que se está a tramitar para reducir a temporalidade no emprego público, por se ten algún impacto nos procesos.

A Xerenta responde que a celeridade destes procesos é pola caducidade dos mesmos, do contrario tamén entende que sería mellor esperar.

O Vicexerente de RRHH fai referencia á alegación presentada polo CEPO en relación á convocatoria de TE de Transporte e Distribución na que propón que se inclúa como requisito estar en posesión do carné da Clase E aínda que non se esixiu na convocatoria de listas de agarda.



O Presidente do CEO está en desacordo con esixir ese requisito xa que non se esixiu para entrar nas listas de agarda, e ese persoal pode agora querer opositar e non vai cumprir ese requisito. Pensa que de ser necesario ese requisito se pode pedir unha vez que a persoa supere a oposición e darlle un prazo para acadalo.

O presidente do CEPO di que, xa que logo non se esixiu nas listas de agarda, e dado que os compañeiros están de acordo, retiran a alegación achegada.

O Vicexerente de RRHH fai relación á alegación do CEPO no referido a Fase de oposición. Aclara que poñer 10 preguntas de reserva vai en contra da estrutura xa acordada na que figuraban 6.

Logo das distintas posturas, acórdase que o número de preguntas de reserva será 6. En canto ao segundo exercicio, tanto no Grupo III como TM TIC e TM Actividades Aeroespaciais acórdase que será “de carácter práctico, eliminatorio e podendo ser escrito. Consistirá en realizar as probas prácticas e/ou resolver un ou varios supostos prácticos relativos ao programa” Elimínase o parágrafo: “Valoraranse os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita, así como a súa forma de presentación e exposición.”

O Vicexerente de RRHH continúa coa parte do baremo e a influencia que sobre iso terá o RD Lei 14/2021, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.



A xerenta aclara que aínda que estes procesos de estabilización estiveran ofertados antes da entrada en vigor do citado Real Decreto, a norma obriga a que nas convocatorias destas prazas a valoración na fase de concurso sexa dun 40% da puntuación total.

O presidente do CEPO explica que nas alegacións achegadas propoñen unha mesma estrutura para a promoción interna e se valore 30% a experiencia e 10% a formación da mesma maneira que está valorado na categoría de TE de Transporte e Distribución. Propoñen considerar estas convocatorias específicas xa que o Convenio o permite.

O presidente do CEO di que coinciden coa xerencia na proposta de promoción interna independente pero non entenden que en TE de Transporte e Distribución na promoción interna sexa diferente. A súa proposta é que sexa igual, que se valore como está no Convenio xa que en promoción interna non cambiaron as regras.

A Xerenta explica que para aceptar a proposta do CEPO debería haber unanimidade entres os Comités. Aclara que a proposta da xerencia consiste en que na promoción interna independente se aplicará o baremo do Convenio Colectivo e nos procesos de estabilización e de reposición (tanto promoción interna como acceso libre) aplicarase a proporción 60/40. Dentro dese 40%, dende a xerencia proponse que un 10% por formación e un 30% a experiencia. Para acadar a máxima puntuación precisaríanse 24 anos por promoción interna e 15 por acceso libre.

Logo de expoñer as distintas posturas acéptase a proposta de xerencia salvo no que se refire aos anos de valoración para acadar a puntuación máxima. Quédase en que presenten os comités unha proposta conxunta, concretando e equiparando os anos necesarios para acadar a puntuación máxima na promoción interna.

3. Rolda de intervencións.

José M García Eirín sinala un erro gramatical no programa de TE de Física onde pon “educación” no lugar de “ecuación”.

O Vicexerente responde que evidentemente é un erro gramatical que se corraxirá.

Pablo Álvarez di que na convocatoria de promoción interna de TM TIC, no Bloque I entra lexislación xeral que ao seu xuízo lle parece excesivo para un técnico medio.

A Xerenta responde que é un Grupo II e logo de consultar cos responsables, considérase necesario coñecer esa lexislación. En todo caso, pide que se fagan as alegacións que consideren oportunas e se envíen a xerencia.



O Vicerente de RRHH explica que se ten a intención de publicar os tribunais nas convocatorias. É por iso que solicita que se acheguen os candidatos/as propostos polos órganos de representación para tentar publicalos.

José M. García Eirín fai referencia ás instrucións que deron algúns tribunais polo que se deixa entrar á proba cos móbiles, aínda que se solicita que se teñan silenciados e gardados.

A Xerenta responde que non se debería deixar entrar nas probas nin con móbil nin con ningún outro dispositivo electrónico.

Por outra banda comenta o Servizo de PAS ten recibido nestes días algunha solicitude de renuncia a cambio de quenda ou reingreso de excedencia. Como o concurso se fará efectivo nuns días, aclara que estas solicitudes non se van resolver ata que se execute o concurso, en realidade a efectividade sería simultánea á execución do concurso.

O presidente do CEO di que está de acordo con que se resolvan de xeito simultáneo.

Quédase pendente de que se publique a Lei por se hai algunha variación e tamén se queda á espera da proposta dos comités para a valoración da experiencia nos procesos de estabilización de promoción interna.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 14:05h.

A Xerenta



Raquel M. Souto García

O Presidente do CEPO



Marcos Estévez Orge

O Presidente do CEO



Luis Pérez Gómez